

O estado do benestar
é teu, é noso

DEFÉNDEO



pensionistas

Pensións

O noso sistema público de pensións é o que garante a principal fonte de rendas de preto de **nove millóns de pensionistas**.

- **Esiximos a revalorización das pensións incumprida en 2011 e 2012.**
- **Esiximos a retirada da nova fórmula de revalorización proposta polo Goberno.**
- **CCOO** propón medidas de mellora de ingresos para resolver os verdadeiros retos das pensións.
- **O dereito ás pensións públicas é teu, é noso, deféndeo.**

Organízate, fai oír a túa voz, CCOO ten alternativas máis xustas e eficaces ca os recortes para garantir a sustentabilidade do sistema público de pensións.

Dependencia

A atención á dependencia é **un dereito**. O sistema de dependencia foi capaz, en apenas seis anos de vida, de atender preto de 800.000 persoas.

As **reformas impostas polo Goberno** supoñen un claro recorte do dereito á protección da dependencia.

- **Reduciuse o número de persoas beneficiarias.**
- **Reduciuse a intensidade das prestacións.**
- **Aumentou o copagamento.**
- **Preténdese modificar os conceptos de «rede pública» y «oferta pública de servizos».**

O dereito á dependencia é teu, é noso, deféndeo.

Sanidade

Desde o Estado central e desde varias comunidades promovéronse numerosas reformas en materia sanitaria que supuxeron unha **redución evidente da calidade e cobertura do dereito á saúde** dos cidadáns e cidadás. As principais liñas para aplicala foron:

- **Imposición do copagamento farmacéutico.**
- **Aumento do número de medicamentos excluídos.**
- **Redución da cobertura ofrecida polos servizos públicos de saúde.**
- **Redución da carteira de prestacións.**
- **Exclusión das persoas emigrantes sen documentación da cobertura pública.**
- **Potenciación das fórmulas de xestión privada.**

O dereito á sanidade pública é teu, é noso, deféndeo.